

SESIÓN SEMANAL DE EDUCACIÓN MUSICAL PARA 1º CICLO 20-24 de Abril

Ola rapaces/zas de novo! Agardo que vos atopedes tod@s moi ben. Antes de nada, darvos as grazas por esa contestación musical. Aínda que non saíades tod@s no vídeo, sei da intención da participación pola vosa parte. **QUÉROTE MÁIS!**

Aquí déixovos a proposta de actividades musicais para esta semana, pero non vos esquezades que o máis importante é intentar pasar esta situación de confinamento o mellor posible, que sintades que estamos con vós aínda dende a distancia e que estades sendo uns súper campións. Moita forza e ánimo para afrontar o que queda, que xa é menos.

1ª_ Para comenzar, imos mover o corpiño: colle o pao dunha vasoira e unha culler, por exemplo, ou calquer outro obxecto para percutir no pao. Realiza unha sinxela coreografía acompañádoa rítmicamente con estes utensilios mentres escoitamos esta danza: **Cross dance**.

Déixoche o seguinte enlace como exemplo: <https://youtu.be/BYmWELAtiMI>

2ª_ Seguimos con ritmo e movemento, precisas para esta actividade unha folla de papel. Imos percutila seguindo esta melodía: **Clap,clap song**.

Enlace para música e explicación: <https://youtu.be/-pbA0fzNSOk>

3ª_ Continuamos con folios pero agora sentados. Con esta canción instrumental intenta marcar o ritmo repetindo a serie de folios de cores. Concéntrate e disfruta: <https://youtu.be/a0nxpiQyBQ8>

4ª_ Abre ben os oídos porque imos facer agora unha audición activa: **La primavera de Vivaldi**.

Imos realizala en tres fases: na primeira escoita, pincha no enlace para obter a música pero **NON vexas o vídeo** <https://youtu.be/l4Ad6pZ8vEQ> . Disfruta, cos ollos pechados por momentos, desta melodía clásica. Durante a audición intenta debuxar nun papel o que che suxire a música. Deixa voar a túa imaxinación e emocións. Unha vez finalizada, pon unha segunda vez o vídeo e, agora sí, comproba se o que ves no vídeo e o que debuxaches no teu papel ten algunha relación.

Por último, pincha neste enlace <https://youtu.be/ZA-8p3s84Zs> e segue as indicacións do director e do musicograma levando o pulso coas túas palmas.

5ª_ Para rematar, déixovos unha canción para que a bailedes, cantedes, acompañedes pero sobre todo, para que a disfrutedes: **Colores del arco iris** <https://youtu.be/65uVBc6YKmQ>

NOTA: A maneira de levar a cabo esta proposta de actividades é a de realizar unha ou dúas, como moito, por día. Por suposto, poderedes repetilas, afianzalas, ir progresivamente realizándoas seguidas ou alternas pero repito, sobre todo, **DISFRUTANDO DA E COA MÚSICA!**

TODO SAIRÁ BEN. BICAZOS A TOD@S.

Rebeca